

# **Manuel Rivas e María Lado impóñense na I Gala do Libro Galego. Espazo Lectura foi a mellor iniciativa de fomento da lectura e Sermos Galiza a de xornalismo cultural**



O último día de Terranova, de Manuel Rivas foi a obra que se fixo co premio de Narrativa nos galardóns da I Gala do Libro Galego, que se celebrou este sábado no Teatro Principal de Compostela. O xurado destacou "a súa complexa arquitectura, esixente, que recoñece o labor de libreiras e libreiros a través dun percorrido emocionante". *oso, mamá, si?*, pola súa banda, valíalle a María Lado o recoñecemento na categoría de poesía, por méritos como "a unidade do poemario, vinculado á construcción dun relato que une a tenrura ás condicións más escuras do ser humano, transitando por un campo emocional moi diverso".

Os premios, que convocan por vez primeira de xeito conxunto as asociacións de editores, escritores e libreiros, recoñeceron tamén o volume *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas* de varios autores como mellor traballo de narrativa, *O meu pesadelo favorito* de María Solar como obra máis destacada de literatura infantil e xuvenil e *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas no ámbito do teatro. O mellor libro ilustrado foi *Cadros dunha exposición. Modest*

*Mussorgsky*, de Xosé Cobas e o premio á tradución levouno *Mocidade* de Joseph Conrad, na versión de Alejandro Tobar.

No campo das propostas literarias en Internet impúxose o proxecto *Poétic@*, de Fran Alonso, mentres a iniciativa bibliográfica más destacada foi *Lendo lendas, digo versos*, de Antonio G. Teijeiro e Antonio Reigosa. Espazo Lectura foi considerada a mellor iniciativa de fomento da lectura e *Sermos Galiza* impúxose no campo do xornalismo cultural.

No acto as entidades convocantes outorgaron tamén os seus premios honoríficos. Deste xeito, a Federación de Librarías de Galicia entregou o seu galardón á Libraría Pedreira, os editores recoñeceron o traballo da Editorial Laiuento e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega concedeu o galardón Escritor Galego Universal ao catalán Pere Gimferrer.